

***PREGO DE CONDICIÓN S ECONÓMICAS  
POXA DE MADEIRA***

***MODELO PRESENTACIÓN DA OFERTA***

***PROPIEDAD E***

VARIAS PROPIEDADES NO LUGAR DE MADELOS (FRIOL)

***CÓDIGO LOTE: 20231025***



## ÍNDICE

<b>PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICAS. POXA DE MADEIRA .....</b>	<b>1</b>
<b>PRESENTACIÓN DE OFERTAS .....</b>	<b>1</b>
<b>CONDICIÓN DE PAGO NA ADXUDICACIÓN .....</b>	<b>2</b>
<b>DECLARACIÓN RESPONSABLES E CONFORMIDADES .....</b>	<b>2</b>

## PREGO DE CONDICIÓN S ECONÓMICAS. POXA DE MADEIRA

### PRESENTACIÓN DE OFERTAS

1. O presente Prego ten por obxecto definir e instruír as condicións económicas para a realización do aproveitamento en base ó **cadro de características do aproveitamento** anexo, cuxo contido o poxador declara coñecer.
2. As ofertas presentaranse por medio de **sobre pechado**, no lugar e prazo establecido, utilizando o **modelo normalizado** que se facilita, ou ben, outro modelo na que se faga constar de forma clara e lexible a seguinte información:
  - Nome do licitante
  - NIF
  - Representante (si é o caso)
  - Dirección
  - Número de teléfono
  - Correo electrónico
  - Importe da oferta

No caso de haber dous o máis lotes na poxa, farase indicación expresa no exterior do sobre, do número ou denominación do lote ó que corresponde a oferta.

3. Establécese un **prezo base de taxación**, por debaixo do cal, non se adjudicará o lote directamente.
4. No prezo de oferta **NON se incluírá o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)**.
5. O **Prego de Prescricións Técnicas do aproveitamento ten carácter contractual** polo que deberá terse en conta na formalización da oferta, o cal será asinado polas partes unha vez formalizado o contrato.
6. **Poderase asistir á apertura** de ofertas económicas, ademais dos propietarios e o persoal técnico, aquelas persoas responsables ou representantes das entidades que presente oferta. A Propiedade ou o persoal responsable da organización resérvase o dereito de admisión coa finalidade de evitar que se altere ou prexudique o normal funcionamento da poxa. Non se admitirán ofertas despois do inicio da apertura dos sobres.
7. **Non se solicita depósito** para participar na poxa.

8. O prezo ofertado comprenderá **tódolos gastos directos ou indirectos** que o adxudicatario deba realizar para a normal execución da obra contratada, as taxas pola execución dos traballos e calquera outro que resulten de aplicación para levar a cabo o aproveitamento.
9. No caso de que aparezan dúas ou máis ofertas iguais, procederase inmediatamente a realización dunha nova poxa con estas entidades, de forma que se instara a que presenten unha nova oferta por escrito, que se depositará en sobre cerrado, e que non poderá ser inferior a emitida inicialmente. Se o empate subsistira, a adxudicación decídese por sorteo.

### CONDICIÓN DE PAGO NA ADXUDICACIÓN

1. Unha vez feita a apertura de ofertas, a subasta adxudicarase a oferta máis vantaxosa, emprazándose as partes para a firma do contrato así como o prego de condicións técnicas asociado.
2. No caso de retirada da oferta despois de resultar adxudicado o lote establécese unha penalización equivalente ao **10 %** do importe ofertado. Neste caso a propiedade poderá optar por adxudicalo á seguinte oferta máis vantaxosa ou ben realizar unha nova convocatoria de poxa.
3. Ao prezo de adxudicación aplicaráselle todos aqueles impostos dispostos na lexislación tributaria e fiscal vixente. O prezo de adxudicación máis ditos impostos dará como resultante o **importe íntegro**.
4. As opcións elixibles para efectuar o pago son as que se expoñen a continuación:
  - a) **Pago do importe íntegro** dentro dos 30 días naturais dende a data de firma do contrato e en todo caso, antes do comezo do aproveitamento.
5. Non se solicitará a formalización de **fianza** nos casos onde sexa obrigatorio formalizala a través do propio concello onde se atopa o lote. No caso que no se requira por parte do Concello e só nos casos que se decida proceder ó aproveitamento en condicións climáticas adversas, con períodos de choiva prolongados, o persoal encargado do control da obra, poderá exixir a empresa adxudicataria a formalización dun aval bancario en concepto de **fianza**, para reparar os danos que se puideran ocasionar nas actuacións de aproveitamento que non sexan reparados antes da finalización do contrato. Este importe tería un valor do **5 % do importe de adxudicación** e faríase preferiblemente mediante aval bancario.

### DECLARACIÓN RESPONSABLES E CONFORMIDADES

1. Coa presentación da oferta económica o licitador declara atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica, coa seguridade social e coas deputacións provinciais e concellos.  
Declara posuír a suficiente solvencia económica, financeira e técnica para afrontar a execución do aproveitamento.

2. Coa presentación da proposición económica, o licitador acepta plenamente as condicións contidas no prego de prescricións técnicas do aproveitamento, así como neste prego de condicións económicas, ademais do cumprimento das disposicións legais vixentes para levar a cabo este tipo de contratos.
  
3. Conforme á Lei Orgánica de Protección de Datos a Propiedade e a entidade técnica XESFOREST INGENIERIA, SLP, son responsables do ficheiro de datos de rexistro dos datos facilitados polas empresas/autónomos a través da solicitude de ofertas ou ben por outras vías de comunicación. Os datos aportados serán incorporados ao ficheiro para o adecuado tratamento de datos e para a xestión administrativa da Poxa. Os datos de contacto facilitados poderán ser utilizados para remitirle información relativa a esta e outras poxas. Informáselle que ten dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo electrónico: [info@xesforest.es](mailto:info@xesforest.es)

## MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA DA POXA

CÓDIGO DO LOTE:	20231025
PROPIEDAD:	Varios propietarios (5)
DOCUMENTACIÓN:	CADRO DE CARACTERÍSTICAS PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICA DO APROVEITAMENTO PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICAS PLANIMETRÍA

### DATOS LICITADOR (\*datos obrigatorios)

EMPRESA\*: \_\_\_\_\_

NIF\*: \_\_\_\_\_

REPRESENTANTE\*: \_\_\_\_\_

DIRECCIÓN\*: \_\_\_\_\_

TELÉFONO\*: \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO\* \_\_\_\_\_

PREZO EN EUROS DA OFERTA (SEN IVE):

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Aos efectos oportunos, declara coñecer e aceptar na súa totalidade o Prego de Prescricións Técnicas así como o Prego de Condicións Económicas da Poxa que rexen este aproveitamento.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo: \_\_\_\_\_